

Bases da convocatoria para levar a cabo o proceso de selección para elaborar lista de agarda para a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S. A. (TURGALICIA).

En cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

anuncia

A convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista de agarda para Profesor/a de Aloxamento (Rexeduría de Pisos) no Centro Superior de Hostelería de Galicia conforme ao regulado na Normativa para a Selección de Persoal Docente do devandito Centro.

1. Normas xerais

1.1 O obxecto do proceso selectivo é a **elaboración dunha lista de agarda de profesor/a de Aloxamento (Rexeduría de Pisos)**. As funcións principais son, entre outras e baixo a dirección e supervisión do Responsable do Departamento: colaborar no deseño das materias relacionadas coa formación na área (incluíndo elaboración do material, impartición de clases e avaliación de alumnos).

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

1.3. A adxudicación do lugar correspondente na lista aos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coas puntuacións totais acadadas.

2. Requisitos mínimos dos candidatos

Para ser admitidos, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nas seccións anteriores.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos.
No caso de nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Posuír o título Celga 4 ou equivalente.
- f) Titulación mínima: Bacharelato ou equivalente, e formación específica na área de Rexeduría de Pisos. Polo que respecta aos títulos de Diplomado, Licenciado, Doutor, e outros, obtidos no estranxeiro, deberán estar convenientemente validados.

3. Solicitudes

Todos os aspirantes que tomen parte neste proceso de selección deberán presentar solicitude e curriculum vitae, en instancia axustada ao modelo que se publica como **Anexo I** deste anuncio.

4. Documentación acreditativa de requisitos e méritos

Xunto coa solicitude e o curriculum vitae, os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación mediante orixinal ou copia debidamente autenticada:

- a) Certificación Académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos necesarios para optar ao proceso, na que constarán todas as convocatorias.
- b) Xustificación dos requisitos esixidos.
- c) Fotocopia do DNI ou pasaporte.
Os estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residencia comunitaria ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.
Os que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ben por atoparse en España en réxime de estadia, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.
Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún estado, ao que en virtude dos trabaladores internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- d) Xustificación dos méritos alegados na solicitude.
- e) Fotocopia cotexada do documento xustificativo de estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. nº 146, do 30 de xullo); para os efectos de exención prevista no exercicio de lingua galega.
- f) Fotocopia cotexada da cualificación de minusvalía igual ou superior ao 33%, de ser o caso que permitirá, se se demanda na solicitude, as adaptacións de tempos e medios para a realización das probas. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitaren dúbidas ao tribunal respecto á capacidade dos aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo convocado, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

5. Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez (10) días hábiles** a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria. As solicitudes se presentarán exclusivamente no rexistro da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S. A., estrada Santiago-Noia Km. 3 A Barcia, 15896 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando expresamente o proceso para o que se presenta á solicitude.

Tamén poderán ser enviadas as solicitudes por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, debendo o candidato xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e

anunciar ao órgano de contratación a remisión da solicitude mediante envío, no mesmo día, por fax ao número 881 999 806, da copia selada pola oficina de correos do envío desta. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a solicitude.

A consignación de datos falsos na documentación presentada polos aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á sociedade, de calquera cambio nel.

6. Admisión dos aspirantes

- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas, a Dirección do CSHG publicará a lista provisional de admitidos e excluídos. Nela farase constar, ademais da identificación dos aspirantes, as causas que motivaron a súa exclusión provisoria.
- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 8 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión.
- Unha vez rematado o prazo de emenda de erros, procederase á publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

7. Desenvolvemento do proceso

O proceso desenvolverase conforme ao regulado na Normativa para a Selección de Persoal Docente do Centro Superior de Hostelería de Galicia (que se encontra dispoñible na páxina web www.turgalicia.es). En primeiro lugar realizarase a proba eliminatoria para despois desenvolver a fase de concurso. Unha vez publicado o resultado de cada fase, disporase dun prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións, publicándose posteriormente as puntuacións totais definitivas.

O Baremo aplicable será o correspondente a prazas de profesor de Prácticas/Técnicas de Hostelería, cos seguintes apartados e puntuacións (en ningún caso se valorará a titulación requirida para acceder ao proceso):

- Rendemento académico (máximo 8 ptos.)

Apartado	Ptos.
Expediente académico da titulación requisito	0-6*

** A puntuación calcularase outorgando as seguintes puntuacións por cualificación obtida: sobresáinte/matricula honra 6; notable 4; Ben 2; Aprobado 1. A puntuación total dividirase entre o número total de convocatorias. De non fixarse na convocatoria titulación específica, a Comisión aplicará unha puntuación adicional entre 0 e 2 puntos segundo afinidade coa praza.*

- Experiencia docente (máximo 5 ptos.)

Período máximo a valorar: 5 anos. De acreditar un período superior, valoraranse os 5 anos que outorguen maior puntuación ao candidato.

Experiencia	Puntos/ano*
Universitaria/Escuelas Hostelería	0,75-1,5
Secundaria/EOI	0,5-0,75
Outros	0-0,25

** segundo afinidade coa praza*

- Experiencia profesional (máximo 6 ptos.)

Período máximo a valorar: 5 anos. De acreditar un período superior, valoraranse os 5 anos que outorguen maior puntuación ao candidato.

Experiencia	Puntos/ano*
En Hostalería	0,25-1,2

* segundo afinidade coa praza e nivel de responsabilidade do posto

- Formación adicional (máximo 3 ptos.)

Valoraranse formacións que acrediten unha duración mínima de 30 horas. Alcanzada a puntuación máxima non se valorará o resto da formación.

Formación	Puntos*
Titulación Universitaria	0,25-2
En Hostalería / Turismo	0,25-2
En Metodoloxía Didáctica	0,25-1,5

* segundo afinidade coa praza

- Outros méritos (máximo 2 ptos.)

Mérito	Puntos
Manexo Aplicacións informáticas de xestión da área da praza	0,25-1
Idiomas (segundo Marco Común Europeo de Referencia para las linguas):	0-1**
Idioma Inglés	
Nivel B2	0.75
Nivel C1	1.00
Idioma Francés ou Alemán. Valorarase cada idioma por separado.	
Nivel B2	0.5
Nivel C1	0.75

** Acadada a puntuación máxima non se valorarán máis méritos.


O idioma inglés ten unha puntuación superior considerando o seu peso no mercado laboral hostaleiro e, consecuentemente, nos planos de estudos do CSHG

- Proba (máximo 36 ptos. o que representa un 60% do total.).

A proba terá un contido teórico-práctico e carácter eliminatorio cunha duración máxima de 2,5 horas conforme ao temario reflectido no Anexo II.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 ou curso de perfeccionamento de galego, terán que realizar unha proba de galego que consistirá en dúas traducións: tradución dun texto do galego ao castelán e tradución dun texto do castelán ao galego. O tempo máximo de duración desta proba será de 1 hora. Este exercicio cualificarase de apto ou non apto. Unha vez publicado o seu resultado, disporase dun prazo de dous días hábiles para a presentación de posibles reclamacións.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2013


María del Carmen Pita Ugoiti
Directora Xerente

TURGALICIA
Sociedade de imaxe e promoción
turística de Galicia, S.A.

ANEXO I

Por favor, Introduza unicamente os datos indicados nos seguintes apartados:

SOLICITUDE

Don/Dona _____

con D.N.I. _____

Referencia posto **2008-30010 Profesor/a de Aloxamento (Rexeduría de Pisos)**

SOLICITA

Participar no proceso selectivo para a elaboración dunha lista de agarda para postos de Profesor/a de Aloxamento (Rexeduría de Pisos) no Centro Superior de Hostelería de Galicia, con convocatoria publicada no D.O.G. de data _____.

O que asina para que conste aos efectos oportunos, en _____ a _____ do _____ de 2013.

CLÁUSULA INFORMATIVA SOLICITANTES DE EMPLEO: FORMULARIO DE SOLICITUD DE EMPLEO

O/A ASINANTE: Solicita ser admitido/a ás probas selectivas a que se refire a presente instancia. Declara que son certos os datos consignados nesta solicitude, e que acepta en todos os seus termos as bases que regulan a Selección de Persoal no Centro Superior de Hostelería de Galicia (en adiante, CSHG). A falsidade dos datos dará lugar ás medidas que TURGALICIA estime oportunas por vulneración do principio de boa fe.

Sen Embargo, en caso de producirse algunha modificación dos seus datos, pregamos nolo comunique debidamente por escrito, á maior brevidade, con o fin de manter a súa solicitude de emprego actualizada.

As cuestións incluídas no presente formulario teñen carácter obrigatorio, de modo que se non se facilita a devandita información, non se incluírá a súa solicitude de emprego no proceso de selección correspondente.

Asemade, e a efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007 que lo desenvolve; os datos proporcionados na presente declaración e en toda a documentación adxunta serán incorporados ao ficheiro automatizado "VALORACIÓN CANDIDATOS TURGALICIA" (debidamente inscrito no Registro General de la Agencia Española de Protección de Datos), mantido baixo a responsabilidade da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA), e que ten como finalidade a xestión da selección dos candidatos.

Adicionalmente, os datos facilitados por Vde. serán comunicados ás Administracións Públicas nacionais e comunitarias correspondentes con motivo do cumprimento das obrigas legais impostas pola normativa nacional e comunitaria en materia administrativa.

Coa finalidade de cumprir con o principio de publicidade recollido nas bases da convocatoria, poderase realizar a publicación do listado de aspirantes admitidos e excluídos na páxina web de TURGALICIA, ou no taboleiro de anuncios do CSHG, conforme ao regulado na Normativa para a Selección de Persoal Docente do CSHG.

O declarante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos ao mencionado ficheiro para o seu tratamento, podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a que haxa lugar sobre os mesmos, mediante escrito dirixido a CR SANTIAGO - NOIA KM3, S/N. CP: 15896 - La Coruña ou ben a través do correo electrónico á seguinte dirección LOPDTURGA@XUNTA.ES"

CURRICULUM VITAE

Nome e Apelidos	
D.N.I.	
Data de nacemento:	
Lugar de nacemento:	
Enderezo:	
Teléfono:	
Enderezo Electrónico:	

FORMACIÓN ACADÉMICA

Introduza tantos campos como sexa necesario.

Centro Académico 1:	
Título e Anos:	

Centro Académico n:	
Título e Anos:	

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Introduza tantos campos como sexa necesario.

Empresa 1:	
Posto:	
Duración (meses):	

Datas inicio / remate:	
Funcións:	
Actividade:	

Empresa n:	
Posto:	
Duración (meses):	
Datas inicio / remate:	
Funcións:	
Actividade:	

IDIOMAS

Introduza tantos campos como sexa necesario.

Idioma 1:	
Nivel:	

Idioma 2:	
Nivel:	

Idioma n:	
Nivel:	

INFORMÁTICA

Introduza tantos campos como sexa necesario.

Ferramenta 1:	
Nivel:	

Ferramenta n:	
Nivel:	

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Introduza tantos campos como sexa necesario.

Curso 1:	
Nº Horas – Ano / Créditos:	
Entidade Responsable da Formación:	

Curso n:	
Nº Horas – Ano / Créditos:	
Entidade Responsable da Formación:	

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E PUBLICACIÓNS¹

Introduza tantos campos como sexa necesario.

¹ Campo opcional.

Nome estudio / publicación:	
Descrición do traballo realizado:	

ANEXO II

TEMARIO PROBA ELIMINATORIA

TEMA 1- O DEPARTAMENTO DE ALOXAMENTO: ORGANIZACIÓN E
FUNCÍONS

TEMA 2- OS TÉXTILES

TEMA 3- EQUIPAMENTO E MAQUINARIA NA REXEDURÍA DE PISOS

TEMA 4-LIMPEZA DE PISOS E ÁREAS COMÚNS.

TEMA 5- TÉCNICAS DE LIMPEZA

TEMA 6- OPERACIÓNS EN REXEDURÍA DE PISOS

TEMA 7- LAVANDARÍA: INSTALACIÓNS E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO.

TEMA 8- XESTIÓN DO DEPARTAMENTO: ORGANIZACIÓN DO PERSOAL,
STOCKS, CUSTOS, ORZAMENTOS, SERVIZOS EXTERNOS.

TEMA 9- USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS E SISTEMAS DE INFORMACIÓN EN
HOSTALERÍA